

García Costas pide “moderación e prudencia” ante o proceso de negociación das caixas galegas

Vigo, 08/04/10.- O presidente da Cámara de Comercio de Vigo amosouse “moi escéptico” ante o actual futuro que se plantexa para as caixas galegas. “Todos coñecen a miña opinión sobre este tema e vou a deixar que o proceso avance e os número saian para que poida cambiar a miña postura”, xa que “as condicións que se dan agora son distintas e podo dicirlles que si deste estudio sae algo beneficioso para as dúas caixas e para Galicia, eu sería o primeiro en aplaudilo”, afirmou. García Costas aclarou aos medios que, ata o momento, os responsables de ámbalas entidades asinaron un documento que “non compromete, nada máis, que a iniciar un estudio que posibilite o que todos coñecemos como unha fusión”. Así, o presidente da Cámara e conselleiro de Caixanova corroborou que no pasado Consello de Administración da caixa viguesa, celebrado este martes, “informouse concisamente do alcance dese documento co compromiso de que, en canto haxa algún tipo de avance, volveríamos a reunirnos”.

Sobre os rumores que apuntan a un posible reparto de cargos da futura caixa resultante, García Costas explicou que “existen mentideiros, informacións sesgadas e opinións que van cambiando si saen do norte ou do sur. Os medios de comunicación poden ter unha opinión distinta e a realidade está no centro das dúas”. Neste senso, o responsable da institución cameral pediu “moderación e prudencia” aos que “están falando con máis rotundidade, aos que agreden ante unha posible fusión”, xa que “calquera información deste tipo que saia á luz pode ser perxudicial para o desenvolvemento do proceso”. “Se se producen avances, teremos que estar dacordo no sur, cousa que hai uns meses estabamos en absoluto desacordo e se se producen avances, terán que estar en liña coas propostas do sur de Galicia e de Vigo, e supoño que tamén do norte”, engadiu.

Finalmente, e en relación ao tratamento definitivo destas negociacións, Costas engadiu que “se ao día seguinte de pechar un posible acordo a caixa resultante ten que traballar en toda a xeografía española, e fundamentalmente na galega, haberá que chamarlle da forma máis suave posible. A pel máis suave é a dun bebé, e algo que vai a nacer, no suposto de que isto chegue a un feliz término, precisa moita suavidade no tratamento. Non creo que con posturas agresivas se poida lograr nada”.